

MÁIS SOBRE NOVONEYRA

ACRECÉNTANSE OS ASEDIOS SOBRE A OBRA DO POETA DO COUREL E ARREDOR DA SÚA BIOGRAFÍA: VELAQUÍ A REEDICIÓN DE «TEMPO DE ELEXÍA» E MAIS UN EXHAUSTIVO TRABALLO BIOGRÁFICO ASINADO POR FRAN ALONSO

Van sendo xa certamente numerosas as achegas que diversas editoriais e autores ofrecen arredor da figura de Uxío Novoneyra, poeta homenaxeado nestas Letras 2010. A carón das xa ofrecidas por Xosé Lois García, en Xerais e Toxosoutos, respectivamente, por Carmen Blanco en A Nosa Terra ou por Antón Lopo en Galaxia, ou por Esperanza Mariño —o habitual *Dicionario anual* en tresCtres—, saen do prelo, esta mesma semana, dous volumes que reivindicán a obra e máis a presenza do autor de *Os eidos*.

FOLERPAS DE NOVONEYRA


Conxugar o interese, nos ámbitos dun libro ensaístico, tanto para lectores novos como para adultos non é algo doado de conseguir. Con todo, Fran Alonso, co obxectivo de publicitar tanto a dimensión literaria como a vital de Novoneyra, testemuña que si é posible. Formulando, así pois, un percorrido cronolóxico pola vida do autor da *Letanía de Galicia*, posibilitase ir recalando naqueles aspectos biográficos máis salientables. Tendo en conta, como método de traballo, achegas anteriores á presente, ensáíase un diálogo fluído con aquelas e máis tamén co seu herdo literario e humano, incorporando unha visión interpretativa que descobre ou redescobre non só as súas obras literarias senón as súas vivencias no Courel, Lugo, Madrid ou Compostela, todas elas evidenciando o compromiso de Novoneyra coa poesía, coa lingua galega e coa súa terra: un dos seus indubidables sinais de identidade. Ao feliz acabado do libro contribúe de maneira destacada tanto a reprodución dun abondoso material iconográfico e documental como a presenza doutras seccións de interese como son os recursos que hoxe en día se poden atopar na rede para achegarse ao autor ou unha útil cronoloxía. Esta última é a que precede unha atinada e representativa escolma poética que inclúe algúns dos poemas máis representativos e orixinais da poesía galega do século XX.

TEMPO DE ELEXÍA

Corría o ano 1982 e Uxío Novoneyra visitaba o Instituto Lucus Augusti: naquel encontro co alumnado Henrique Alvarellos tivo a feliz idea de gravar a intervención do poeta do Courel.

Daquela iniciativa nace un valioso documento sonoro, e inédito, que se anexa á publicación, en forma de cedé, desta edición de *Tempo de elexía* e que, polo tanto, posibilita para os que non tiveran a fortuna de

«Tempo de elexía» constitúe un libro fulcral na dinámica creativa e editorial de Novoneyra»



ANTOLOXÍA

«Folerpas de Novoneyra»

Fran Alonso. Xerais. 136 páxinas. 10 euros. ***



POESÍA

«Tempo de elexía»

Uxío Novoneyra. Alvarellos Editora, 124 páxinas + CD, 20 euros. ***

asistir a algúns dos recitais que con tanta frecuencia protagonizaba, e para lembralos noutros casos, coñecer esta faceta, case mística, que era escoitar versos seus ou doutros autores peneirados pola súa voz e o seu sentimento.

Tempo de elexía constitúe un libro fulcral na dinámica creativa e editorial de Novoneyra e, abofé, merecía unha edición tan requintada

e coidada como a presente que, ademais, respecta a devandita edición ao incorporar a súa propia tradución dos poemas ao castelán. O libro iníciase cunha nota informativa do editor á que seguen unhas interesantes reflexións —algúns inéditas— do propio Novoneyra sobre as elexías e o seu proceso creativo, quen xulga que nestes poemas «faise

patente a soedade humana como irreductible, tanto con respecto das cousas e dos seres, coma dos homes». Ninguén mellor que o propio autor para sinalalo.

Ramón Nicolás